

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**BAIONA****Ordenanzas e Regulamentos***ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO  
DE AXUDA NO FOGAR**ANUNCIO*

Ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, previo anuncio no BOP nº 2 de 3 de xaneiro de 2018, e nun diario de igual data, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional deste concello, adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 14 de decembro de 2017, sobre aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Baiona, cuxo texto íntegro se fai público, en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN  
DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR***ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA*

De conformidade co establecido nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, o artigo 106 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, de 2 de abril, e os artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o Concello de Baiona, establece a taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

*ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE*

Constituirá o feito impoñible desta taxa a prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades e coas características establecidas na Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Baiona.

*ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS*

Serán suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento desta taxa, as persoas que se beneficien da prestación do SAF prestado polo Concello de Baiona. No caso de que as persoas obrigadas ao pago carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.



Martes, 27 de febreiro de 2018

Núm. 41

*ARTIGO 4º.—BENEFICIOS FISCAIS*

Non serán aplicables outros beneficios fiscais mais que os expresamente previstos en normas con rango de Lei ou os derivados de Tratados internacionais.

*ARTIGO 5º.—COTAS*

A) Usuarios que teñan recoñecida valoración de dependencia ao abeiro da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención en Situación de Dependencia.

A contía da taxa será o resultado de aplicar á capacidade económica referenciada ao indicador público de renda de efectos múltiples, IPREM, a táboa indicada no artigo 17 da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Baiona, determinándose a capacidade económica de conformidade co artigo 15 Ordenanza Municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Baiona.

B) Usuarios que sen ter recoñecida valoración de dependencia ao abeiro da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, a súa situación persoal se encadre nun marco de problemáticas concretas previstas na Ordenanza Municipal reguladora do servizo.

A contía da taxa establécese en función do prezo/hora anualmente fixado para a prestación do servizo no contrato administrativo en vigor coa empresa que realiza o SAF para o Concello de Baiona, aplicando a táboa indicada no artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Baiona.

A determinación da capacidade económica realizarase de conformidade co artigo 16 Ordenanza Municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Baiona.

*ARTIGO 6º.—DEVENGO, PERÍODO IMPOSITIVO E INGRESO*

1.—As taxas reguladas na presente Ordenanza Fiscal devengarase co comezo da prestación do Servizo de axuda no fogar.

2.—O período impositivo será mensual, e liquidarase o derradeiro día de cada mes. No suposto de que a prestación non se realice o mes completo prorratearase por días, e liquidarase o derradeiro día do mes en que finalice a prestación do servizo.

3.—O pagamento destas taxas realizarase a mes vencido por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do mesmo por escrito, no momento da concesión. A falta de pagamento de dúas cotas mensuais consecutivas determinará a interrupción do Servizo.



Martes, 27 de febreiro de 2018

Núm. 41

### *ARTIGO 7.—NORMAS DE XESTIÓN*

1.—A forma de prestación do Servizo, a súa autorización ou cese, así como a prórroga, regularase de acordo co disposto na Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar.

2.—Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se practiquen coas bases acordadas.

3.—A baixa da prestación do Servizo surtirá efectos ao día seguinte en que se peticione ou se declare de oficio por esta Administración.

4.—Mensualmente o órgano competente aprobará as liquidacións correspondente ao citado período, remitindo o Departamento de Servizos Sociais á Tesourería a relación mensual de usuarios con especificación dos datos bancarios de domiciliación e os correspondentes importes dos recibos.

5.—Unha vez ao ano, solicitarase aos usuarios de SAF Básica, a documentación contemplada no artigo 15 da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, coa finalidade de actualizar as tarifas e no seu caso practicar a nova liquidación tributaria.

### *ARTIGO 8.—INFRACCIÓN E SANCIÓN*

No relativo a infraccións tributarias desta Ordenanza será de aplicación a Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

### *DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza, aprobose polo Pleno en sesión de data 14 de decembro de 2017, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

### *DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

A presente Ordenanza fiscal derroga a actual Ordenanza Nº 1 reguladora do prezo público pola prestación do servizo público de axuda no fogar e servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Baiona.”

O Alcalde, Ángel Rodal Almuíña

Baiona na data que figura na marxe deste documento asinado electronicamente

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:LDJ7MD7YIIUKSX

